

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 6

SESION EXTRAORDINARIA 27 DE ABRIL DE 2015

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, M^a Olga
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Veloso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Muñoz Posse, Carlota
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTEN:

-Araújo Pereira, Marcos.(grupo municipal Partido Popular)
-Álvarez Pérez, José Luís (grupo municipal Partido Popular).

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e catro minutos do vinte e sete de abril do ano dous mil quince, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Alonso Suárez, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Muñoz Posse, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Escudero, Rodríguez Díaz, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como

Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratalos asuntos da orde do día.

A PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello en sesión extraordinaria convocado para as 12:00 horas, por orde do día de 23 de abril, aos efectos de sorteo de formación de mesas electorais. Constátase quórum e ábrese sesión pública.

ÚNICO (79).- SORTEO DE FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS VINDEIRAS ELECCIÓNS LOCAIS DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NA LEI ORGÁNICA DO RÉXIME ELECTORAL XERAL E INSTRUCCIÓN DA XUNTA ELECTORAL CENTRAL.

ANTECEDENTES.- En cumprimento do artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, convocouse sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal que se realiza o día da data, na Casa do Concello ás doce horas e catro minutos, a fin de facer o sorteo da formación das mesas electorais para as vindeiras eleccións locais, convocadas por RD número 233/2015, do 30 de marzo, publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 77, do 31 de marzo de 2015.

O Sr. Presidente explica brevemente o sistema para o sorteo de formación das mesas electorais, indicando que se sacarán nove números ó chou, do 1 ó 999, para escoller cada un dos membros a designar, que corresponderán co número do censo electoral.

No caso de que tal número non cumpra os requisitos de idade ou titulacións requirida será designado o número seguinte.

Os devanditos números son os que seguen:

PRESIDENTE	857
1º VOCAL	282
2º VOCAL	423
PRESIDENTE 1º SUPLENTE	727
PRESIDENTE 2º SUPLENTE	7
1º VOCAL 1º SUPLENTE	25
1º VOCAL 2º SUPLENTE	969
2º VOCAL 1º SUPLENTE	3
2º VOCAL 2º SUPLENTE	174

VOTACIÓN.- Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar, tralo sorteo público realizado, a constitución das mesas electorais para as vindeiras eleccións locais. Acordar a súa remisión á Xunta Electoral de Zona de Vigo, de conformidade co disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión ás doce horas e seis minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión extraordinaria do Pleno do día 27 de abril de 2015. Consta de folios da serie A numerados do ao, e números do ao, Aprobouse na sesión extraordinaria do Pleno do día 3 de xuño de 2015.

Vigo, a 3 de xuño de 2015

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda